

PUNTO 4. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO NOVO REGULAMENTO ELECTORAL XERAL.

Xuntamos o proxecto que se presentou ao Consello e que foi aprobado.

Antecedentes:

A Comisión Electoral estudou en varias xuntanzas o proxecto ao que se presentaron emendas, na idea da representante do PAS estaba que o proxecto, antes da súa presentación no Consello de Goberno, pasaría a ser aprobado pola Comisión ou, polo menos, ser coñecido polos compoñentes da dita Comisión. Nada diso, para a Universidade, neste caso, para o Secretario Xeral a comisión funcionou como un mero elemento consultivo ao que non correspondía, como tal, realizar ningunha aprobación tendo, o Secretario Xeral a facultade potestativa para aceptar ou non as propostas que se realizaban desde a Comisión.

Temos, deste xeito, que as accións da Comisión foron en todo o proceso absolutamente formais, sendo a actuación do Secretario Xeral, ao noso entender, impropia por non transmitir, cando menos, aos membros da Comisión Electoral, o resultado das deliberacións mantidas.

Así as cousas o proxecto presentouse, para a súa aprobación, no Consello de Goberno do día 29/09/2011.

APRECIACIÓNS DO PAS:

O PAS informou na súa quenda de palabra que, de manterse o proxecto tal e como se presentaba, votaría en contra porque:

O Artigo 10. Mesas electorais establecía literalmente:

1. Correspóndelles ás mesas presidir a votación, conservar a orde, realizar o escrutinio e velar pola limpeza do proceso electoral.
2. Cada mesa estará formada por membros, elixidos por sorteo entre os electores que deben emitir o seu voto. Un dos membros da mesa será escollido entre os electores do sector A.
- 3.....
4. A mesa electoral será presidida polo membro do persoal docente e investigador.

O PAS non precisa nin acepta a tutelaxe de ningún sector en ningún dos ámbitos, neste caso, electorais. Móstrase contrario a que apareza deste xeito reflectido no proxecto, e anuncia, polo tanto, o seu voto negativo.

Factores que consideramos importantes pero de menos transcendencia:

Os Estatutos da Universidade, no seu Artigo 25 establecen:

C. Convocar, con carácter extraordinario, eleccións a reitor por iniciativa dun terzo dos seus membros e coa aprobación de dous terzos.

Esta posibilidade non se reflicte no proxecto de Regulamento.

No Artigo 12. Trámites e prazos.

Establécense os procedementos pero non se cuantifican os prazos de xeito temporal.

No Artigo 21 Modo de exercicio do dereito a voto.

1. O voto é secreto, persoal e intransferible, razón pola que non se admitirá a delegación do voto, o voto por correo nin o voto anticipado.

Cando na DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA di:

1. Admítese o voto anticipado nas eleccións a representantes no Claustro e a Reitor...”

Isto aclarouse na introdución pero no texto parece contradictorio,

Voto electrónico DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA (criterio compartido co sr. Luís Castedo)

3. A Comisión electoral central autorizará o exercicio do voto anticipado. Na notificación de autorización achegarase unha clave persoal e intransferible para o acceso á aplicación informática do voto electrónico que habilitará a tal efecto a secretaría xeral...

Isto quere dicir que, en tempos diferentes, existirán dous xeitos de votar, un o tradicional mediante papeleta e outro mediante o voto electrónico. Esta dualidade pode ocasionar, ao noso entender, que se poida coñecer o sentido do voto dalgún dos que o exerceron.

O voto anticipado solicítase por pouco persoal, se só é un traballador, por exemplo, o que o solicita podería acabarse coñecendo o sentido do seu voto mentres que até agora os votos anticipados eran mediante papeletas introducidas en sobres que, ao remate da votación, eran introducidas na urna mezclándose co resto procedentes da votación asegurando, deste xeito, o voto secreto.

Artigo 20. Votación ordinaria.

1. Nos procesos que non se celebren de maneira telemática, as mesas electorais permanecerán abertas de 11:00 a 19:00 horas, salvo que antes emitan o seu voto todos os electores censados na mesa correspondente.

Artigo 23. Escrutinio

1. Unha vez cerrada a votación a mesa comezará o escrutinio, que será público.

Non queda claro, ao noso entender, si se pode proceder ao escrutinio inmediatamente despois de que o último elector, no caso de que votasen todos/as.

RESPOSTA DO SECRETARIO XERAL:

Este é un regulamento provisorio, nun prazo curto realizaranse as votacións todas mediante o voto electrónico, non compensa facer unha regulación que contemple unha elección diferente para a presidencia da mesa electoral do PAS (habería que establecer un procedemento para a súa elección).

Os Estatutos son unha normativa de rango superior, no caso de se producir unha convocatoria electoral extraordinaria habería que seguir o proceso que se establece nos Estatutos.

Con respecto aos prazos, cada elección terá os seus, polo tanto non corresponde delimitalos neste Regulamento.

O voto electrónico asegura a confidencialidade.

O escrutinio é o acabar a votación, non cando votaron todos os electores dunha mesa.

RESPOSTA DO COLECTIVO DE PAS.

Esiximos votación

Se o regulamento ten unha transitoriedade tan curta, qué necesidade hai de cambialo ás presas?. Si se aborda unha modificación que se contemplan todos os dereitos e aspiracións dos colectivos presentes.

Anunciamos, de novo, o noso voto en contra.